




POLO MIÑO CON MANUEL MARÍA (2) O MIÑO ENCORADO


Adela Leiro, Mon Daporta
outubro 2024



Distancia: 150 km + camiñadas
Dificultade: baixa

O río entre a desembocadura do río Neira e o encoro das Frietas. Un longo tramo, duns 150 km, no que o Miño deixa de ser río -unha corrente de auga doce, libre, de caudal permanente, con variacións estacionais, que vai cara ao mar- para converterse no Miño desnaturalizado, sacrificado para ser produtor de enerxía eléctrica. O Miño privado da súa identidade, de parte da súa vida, e que privou de vida á súa contorna. O Miño atrapado nunha sucesión de atrancos que reteñen grandes masas de auga que son manexadas a vontade das esixencias dos produtores de electricidade, uns atrancos que separan á xente, ocultan as identidades, a historia, os feitos e os traballos -que so asoman nos seus restos cando as grandes secas baleiran en parte os encoros (Castro Candaz, o vello Portomarín..., atrancos, muíños, pesqueiras, socialcos...)- que poñen ao descuberto a importancia e o valor que o río tiña para as xentes da súa contorna; encoros que levaron por diante numerosos valores naturais, patrimoniais e etnográficos (especies, tradicións, oficios e aparellos) e nos que se crearon artificios que nalgúns casos deron lugar a novos aproveitamentos (maiormente actividades de lecer e deportivas). So algún curto tramo, entre a presa dun encoro e o comezo do encoro seguinte, conserva, so nas beiras, un aspecto case natural, como nos Peares, onde se xuntan o Miño e un Sil de caudais mingados, e na contorna da cidade de Ourense, entre a presa de Velle e o arranque do encoro de Castrelo do Miño, que grazas á proximidade ao río do núcleo urbano, e ás surxencias termiais da beira, co aspecto aínda que sometido a variacións no caudal.

Os encoros privaron ao río dunha grande p natural ao destruír, por asolagamento, num impedir o remonte das especies que suben a facer a desova e das baixan polo río para ir



Presa do encoro de Belesar

...O Camiño de Santiago ao cruzar Portomarín infundiuche, para sempre, o don de linguas. (Portomarín das anguias e o augardente, agora un limo, un lodo baixo a auga anque o seu fantasma tome o sol no desolado cume dun outeiro)....

O MIÑO CANLE DE LUZ E NÉBOA
Manuel María, 1996

PERCORRIDO

Percorrer este longo tramo non é doado, o relevo e o río encaixado non axudan e, na primeira parte, as localidades, e as estradas que as comunican, atópanse bastante lonxe do río a non ser nas antigas zonas de paso onde hai algúns achegamentos puntuais. A partir de Chantada temos estradas locais e camiños que permiten facer percorridos preto da beira e tramos acondicionados na contorna de Ourense, A Peroxa, Cenlle, Ribadavia, A Arnoia,...



Igrexa de Santa María da Cova, na Ribeira Sacra

...
*a flor románica engalana estes eidos
e aínda o vento leva o seu recendo.
Ribas de Miño, Nogueira, Diomondi,
Cova, Eiré, Atán, San Fiz de Cangas...*

7 Outono nos socalcos do Canón do Miño

...
*Esta é a Ribeira sacra onde os homes
ergueron fogar, roturaron o chao
e regárono con suor días tras día
para que agomara a vide xenerosa,
o millo, o centeo e máis o trigo
e floreceran cerdeiras e mazairas*



A seca pon ao descuberto o que o encoro levou por diante. Caneiros e o muíño no Cabo da Vila (Paradela)
*Os caneiros, totalmente esbroados,
noutro tempo unha música como
o escuro fungar dos rumorosos.
E agora só o silencio, imposto á forza,
polas monstruosas presas dos encoros...*



O Cabo do Mundo no Canón do Miño no inverno



4 O Miño na cidade de Ourense

*As pontes anergas e modernas
seguen ensinando xeometría
ás claras e fuxitivas linfas:
o círculo perfecto e o cadrado,
símbolos do ceo e máis da terra...*

A calma dos encoros facilita a práctica deportiva.
*...Este é o Miño manso, canso e silencioso
que soporta como o boi o xugo,
o aldraxe infamante e sen nome dos encoros
e as contaminacións fedorentas e letais...*

O MIÑO CANLE DE LUZ E NÉBOA
Manuel María, 1996



Belesar

*...A paisaxe é fermosa porque os ollos
poden atopar nela o seu lecer, porque
a alma se pode misturar coas cousas
e o canto dun regueiro, o vento que zoa
pódenos dicir mensaxes inefábeis,
revelacións que non puidemos sospeitar.*
(REMOL, 1970)